

XLII Curso de Saúde Ambiental

Foz (Lugo), 8-12 febreiro 2010



Patrocinadores oficiais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública
e Planificación

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA



Colabora na organización (sede anfitrión)



CONCELLO DE FOZ

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

‘O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación’.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992) e a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuir ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2010**, que contou cos parabéns do coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira en España, leva consigo:

- Un primeiro nivel de actuación: de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente.
- Un segundo nivel de actuación: de participación cidadá, peza clave na posta en marcha de calquera programa de actuación.
- Unha recomendación: que os concellos, comarcas e mancomunidades de Galicia, coa axuda e o apoio da Administración, adquiran o compromiso de adhesión á Carta de Aalborg e inicien e impulsen a posta en marcha e o desenvolvemento da Axenda 21 Local.

A posta en marcha en Galicia deste Programa, co apoio da OMS, auspiciado pola SESA e baixo o mecenado de Obra Social Caixa Galicia, Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación-Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, Egael-Fegamp, Sogama, Iberdrola e Aquagest, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo desta década, contou coa participación de 222 concellos (219 galegos, 2 leoneses e 1 asturiano) e 3.854 asistentes nas 41 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados. Precisamente co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten a Mariña Lucense, organizase o XLII Curso de Saúde Ambiental, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental da Mariña Lucense, ademais de punto de encontro de sanitarios e ambientalistas, e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuir a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara ao futuro da nosa terra.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente saudable e sostible para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2010

Programa

LUNS, 8 DE FEBREIRO

16:00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

16:30 h.: ACTO INAUGURAL, a cargo de *D. José María García Rivera*, alcalde-presidente do Concello de Foz; *D. Carlos Antonio Fernández Castro*, presidente da FEGAMP-Federación Galega de Municipios e Provincias; *D^a. Sagrario Pérez Castellanos*, directora xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia; *D. Ricardo García-Borregón Millán*, director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia; *D. Francisco Caamaño Martínez*, delegado de Iberdrola en Galicia; *D^a. Ana Aranzazu Incera Ares*, concelleira de Medio Ambiente do Concello de Foz; representante de Caixa Galicia.

17:00 h.: I MESA REDONDA: **“O camiño cara a un medio ambiente saudable e sostible para tod@s: unha esperanza alcanzable no século XXI”**

MODERADOR: PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA

Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid. Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en saúde ambiental.

RELATORES:

- **“Medio ambiente e saúde: conceptos que deben valorarse conxuntamente”**
D. ÁNGEL GÓMEZ AMORÍN
Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- **“A protección e conservación dos espazos naturais protexidos en Galicia, co especial referencia á Mariña Lucense”**
D. RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN
Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia
- **“Instrumentos legais e financeiros de protección ambiental na Unión Europea”**
D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO
Asesor técnico da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- **“Problemática sanitaria da Mariña Lucense: datos epidemiolóxicos. Plan de xestión de calidade medioambiental do Hospital da Costa”**
DR. D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ SOMOZA
Director xerente do Hospital da Costa.
DRA. D^a. MARÍA BEGOÑA GUILLÁN PAVÓN
Directora médica do Hospital da Costa.

MARTES, 9 DE FEBREIRO

09:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Fábrica de Alcoa (San Cibrao-Cervo).
- Puerto de Celeiro (Celeiro-Viveiro) e viaxe no Buque Santiago Apóstol pola ría de Viveiro (sempre que o tempo o permita).

16:30 h.: I CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **“Plans de actuación da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil e de Augas de Galicia na Mariña Lucense”**

D. FRANCISCO FERNÁNDEZ LIÑARES

Presidente da Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino.

PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ

Xefe do Servizo Territorial da Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.

18:00 h.: II MESA REDONDA: **“A protección e a mellora da calidade das augas: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sostible da provincia de Lugo”**

MODERADORA: PROF^a. DRA. D^a. MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.

RELATORES:

- **“Estado actual da calidade das augas de consumo humano dos abastecementos da provincia de Lugo”**
Representante da Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- **“A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns municipios da provincia de Lugo”**
D. JOSÉ MARÍA OURO LÓPEZ
Xefe de Producción de Zona Norte Galicia de Aquagest, S.A.
- **“Ciclo integral da auga no municipio de Foz”**
Dª MERCEDES DEL PINO FERNÁNDEZ-COUTO GÓMEZ
Delegada de Gestagua, S.A. en Galicia.

MÉRCORES, 10 DE FEBREIRO

- 16:30 h.:** II CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **“Modelo enerxético sostible na Mariña Lucense: posta en valor das enerxías renovables”**
D. DAVID MENÉNDEZ SEOANE
Director de INGEOSOL servicios de ingeniería y construcción. Enxeñeiro industrial (doble titulación: hispano/Universidad de Oviedo - alemana/Escola Técnica Superior de Karlsruhe). Experto en enerxías renovables e eficiencia enerxética.

- 17:30 h.:** III MESA REDONDA: **“A xestión integral de residuos en Galicia”**

MODERADOR: D. BENITO GARCÍA CARRIL

Director de Galicia Ambiental-Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- **“Sociedade Galega do Medio Ambiente: novos retos de futuro”**
Dª. MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.
- **“CTRIG-Centro de Tratamento de Residuos Industrias de Galicia: situación actual e perspectivas de futuro”**
D. RAMÓN BLANCO LÓPEZ
Director industrial de Sogarisa.
- **“Papel dos xestores autorizados na recollida, transporte e tratamento final dos residuos industriais non perigosos”**
Dª. ELVIRA CAMARERO PÉREZ
Directora comercial do Grupo GESTÁN.
- **“Xestión de residuos gandeiros e valorización de residuos orgánicos biodegradables na Mariña Lucense: código de boas prácticas agrarias”**
D. SEVERIANO ÓNEGA ARES
Asesor Técnico de Agroamb, S.L.U.

XOVES, 11 DE FEBREIRO

09:00-14:00 h.: VISITAS PRÁCTICAS:

- EDAR de Fazouro (Foz), xestionada por Gestagua, S.A.
- Río Ouro, Castro de Fazouro, Basílica de San Martiño, paseo Fondás-Malates (Foz), guiadas por Dª. Marifé Rouco Caserío, técnica de Turismo do Concello de Foz.

- 16:30 h.:** III CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **“O sistema de vixilancia da calidade do aire e o control de emisións en Galicia”**
D. JOSÉ GIL DE BERNABÉ SÁNCHEZ
Director do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

- 17:30 h.:** IV MESA REDONDA: **“Contribución das empresas ao desenvolvemento sostible da Mariña Lucense”**

MODERADOR: D. MIGUEL NEIRA PÉREZ

Director xerente de Armadores de Burela, S.A. (ABSA).

RELATORES:

- **“A xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial”**
D^a. PAULA RODRÍGUEZ CARBALLO
Auditora xefe da Delegación de AENOR en Galicia-Vigo.
- **“Sistema de xestión medioambiental de Alcoa”**
D. PEDRO JOSÉ TERROBA HERCE
Xefe de Medio Ambiente de Alcoa San Ciprián.
- **“Retos ambientais de futuro das lonxas: a súa contribución á pesca sustentable”**
D. EDUARDO MÍGUEZ LÓPEZ
Director adxunto de Puerto de Celeiro, S.A.
- **“Contribución das industrias madeireiras ao desenvolvemento sustentable da Mariña Lucense”**
D. DANIEL VILLAPOL VALEA
Conselleiro delegado do Grupo Villapol. Presidente da Asociación de Rematantes e Aserradeiros de Lugo.
D. ANTONIO RODRÍGUEZ QUINTANA
Director de Calidade de Maderas Costiña, S.L.

VENRES, 12 DE FEBREIRO

16:30 h.: IV CONFERENCIA MONOGRÁFICA: **“A xestión multifuncional do bosque: o monte como fonte de recursos cara ao desenvolvemento sostible da Mariña Lucense”**

Representante da Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

17:30 h.: V MESA REDONDA: **“O camiño cara ao desenvolvemento sostible da Mariña Lucense”**

MODERADOR: D. FRANCISCO XAVIER BARCIA GALLO

Xerente de Os Irmandiños, S.C.G.

RELATORES:

- **“Compromiso da Deputación de Lugo co desenvolvemento sostible e o futuro da provincia de Lugo”**
D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO
Asesor de Presidencia da Deputación Provincial de Lugo.
- **“A xestión sostible dos recursos mariños na Mariña Lucense”**
D. JOSÉ VICENTE PRIETO GONZÁLEZ
Xefe do Servizo de Recursos Mariños da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.
- **“O camiño cara ao urbanismo sustentable na Mariña Lucense: papel dos distintos axentes”**
D. ALBERTE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Presidente do Colexio de Arquitectos de Galicia-Delegación de Lugo.
- **“Certificación forestal, sanidade vexetal e xestión conxunta dos montes versus calidade da madeira, rendibilidade económica e conservación da natureza da Mariña Lucense”**
Representante de PROMAGAL-Produtores de Madeira de Galiza.
- **“As potencialidades da Mariña Lucense cara ao turismo sostible”**
Representante das Fundacións Comarcais da Mariña Lucense.
- **“Implantación da Axenda 21 Local nos Concellos de Burela, Ribadeo e Viveiro”**
Representantes dos Concellos de Burela, Ribadeo e Viveiro.

20:00 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS, a cargo de *D. José M. García Rivera*, alcalde-presidente do Concello de Foz; *D. José Ramón Gómez Besteiro*, presidente da Deputación Provincial de Lugo; *D^a. Raquel Arias Rodríguez*, delegada territorial da Xunta de Galicia en Lugo; *D. Luis Lamas Novo*, presidente de Sogama; *D. Casimiro González Fernández*, director de Aquagest en Galicia; *D^a. Ana Aranzazu Incera Ares*, concelleira de Medio Ambiente do Concello de Foz; representante de Caixa Galicia; alcaldes dos concellos participantes.

20:30 h.: O CONCELLO DE FOZ OFRECERÁ UN VIÑO GALEGO DE DESPEDIDA AOS PARTICIPANTES.

Información Xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental da Mariña Lucense, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARI@S

- Técnico@s, funcionari@s e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnico@s e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, etc.).

METODOLOXÍA

- Visitas prácticas, 4 conferencias monográficas e 5 mesas redondas configuran a estrutura do curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 50, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 30 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina de Caixa Galicia, situada na Avenida da Mariña, nº 1 (27780 Foz-Lugo), nº de conta: **2091 – 0119 – 51 – 3040022628**, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarse/enviarase por correo electrónico/fax á Secretaría Técnica. O prazo para formalizar a inscrición abrirase o luns día 11 de xaneiro, fixándose a data límite de formalizala o xoves día 4 de febreiro ás 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de **30 horas lectivas**, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A USC-Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).
- A UV-Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso (en tramitación).

SEDE, DATAS E HORARIO

- **Sede:** Salón de Actos do CENIMA-Centro de Interpretación da Mariña Lucense (Avda. da Ribeira, s/n. – 27780 Foz-Lugo).
- **Datas:** do 8 ao 12 de febreiro de 2010.
- **Horario:** De 16:30 a 20:30 horas (de luns a venres). O martes e o xoves, de 09:00 a 14:00 horas terán lugar unhas visitas prácticas (opcionais).

SECRETARÍA TÉCNICA

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

D. Valeriano García Pumares / D^a. María Pilar López Pérez



CONCELLO DE FOZ

Concellería de Medio Ambiente
R/ Alvaro Cunqueiro, nº 24
27780 FOZ (Lugo)

Tel.: 982 14 00 27 / Fax: 982 14 16 00

E-mail: medioambiente@concellodefoz.es

FUNDACIÓN [img alt="Logo of Fundación Comarcal"] A MARIÑA
COMARCAL OCCIDENTAL

D. Mario Paz Fuentes
Avenida Ramón Canosa, s/n.
27850 VIVEIRO (LUGO)
Tel.: 982 57 06 70 / Fax: 982 57 06 71
E-mail: fmarinaoccidental@comarcasdeg Galicia.com

FUNDACIÓN [img alt="Logo of Fundación Comarcal"] A MARIÑA
COMARCAL CENTRAL

D. Manuel Alfonso Valín Valdés
Praza do Concello s/n. – Casa do Concello
27850 MONDOÑEDO (LUGO)
Tel.: 982 52 40 37 / Fax: 982 52 44 10
E-mail: fund.s.macen@terra.es

FUNDACIÓN [img alt="Logo of Fundación Comarcal"] A MARIÑA
COMARCAL ORIENTAL

D^a. María Azucena González Loreda
Praza de España, 1 – Casa do Concello
27700 RIBADEO (LUGO)
Tel.: 982 12 08 01 / Fax: 982 13 09 75
E-mail: fmarinaoriental@comarcasdeg Galicia.com

Organismos colaboradores



Concellos participantes



Concello de A Pontenova



Concello de Alfoz



Concello de Barreiros



Concello de Burela



Concello de Cervo



Concello de Lourenzá



Concello de Mondoñedo



Concello de O Valadouro



Concello de O Vicedo



Concello de Ourense



Concello de Ribadeo



Concello de Riotorto



Concello de Trabada



Concello de Viveiro



Concello de Xove

Entidades e empresas colaboradoras



Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola



Declarado de interese sanitario pola



Recoñecido con créditos de libre configuración pola ()*



Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola



*Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española*